

ESTREA EN NUMAX: 16.03.2018 | V.O.S.E. | +12

L'insulte (2017, 110')

Dirección: Ziad Doueiri

Guión: Ziad Doueiri, Joelle Touma

Elenco: Kamel El Basha, Christine Choueiri, Adel Karam, Camille Salameh, Rita Hayek, Talal Jurdi, Diamand Bou Abboud, Rifaat Torbey, Carlos Chahine, Julia Kassar

Son: Olivier Walczak, Sébastien Wera

Montaxe: Dominique Marcombe

Vestuario: Lara Mae Khamis

Dirección de arte: Moussa Baydoun, Nizar Nassar

Música: Éric Neveux

Fotografía: Tommaso Fiorilli

Produtoras: Ezekiel Films, Scope Pictures, Tessalit Productions, Rouge International, Cohen Media Group, Ciné+, Douri Films, CNC, L'Aide aux Cinémas du Monde, Canal+ (Líbano)

Distribuidora: Sherlock Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Árabe

FILMOGRAFÍA

El atentado, 2012

Lila dice, 2004

West Beirut, 1998

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2017 (Nomeado a mellor filme de fala non inglesa), Venecia 2017 (Mellor actor), Cineuropa 2017 (Mellor filme), SEMINCI 2017 (Premio do público)

SINOPSE

Un pequeno altercado entre Toni, un cristián hebreo e o seu veciño palestino Yasser, desata a loucura na cidade de Líbano. Toni decide levar o incidente ante a xustiza ao sentirse ofendido polos insultos de Yasser. Comezará un longo e complexo proceso xudicial que sacará a relucir as diferenzas entre as dúas relixións e a fractura da sociedade.

«Doueiri ródao todo con ritmo e tensión, aínda que o cinema de Oriente Medio xa teña contado esta trama. Un bo resumo do último medio século»

Tommaso Koch, EL PAÍS



“O insulto vai dun conflito interior, non do conflito exterior”

Entrevista a Ziad Doueiri

Por Kaleem Aftab

Que te levou a facer un filme sobre un libanés que lle di a un refuxiado palestino que ogallá borrasen do mapa o seu pobo? Para ser sincero, non o sei! Non hai unha soa razón pola que un guionista senta, acende o computador e se pón a escribir. Eu teño familia, unha nai e un pai, moi comprometidos. Ademais, falamos dunha zona do mundo que está sempre en chamuscas: Oriente Medio non é o lugar máis estábel e O Líbano é un lugar cunha historia intensa e rica. Suma todo isto e algo xurdirá seguro, pero creo que se acabei escribindo *O insulto* ou *O atentado* foi porque sempre teño ganas de contar historias. Podo dicirle que c’*O insulto* o que desencadeou todo foi un incidente particular que me pasou a min.

Que pasou? O que ve no primeiros cinco minutos do filme está baseado nalgo que me ocorreu hai tres anos en Beirut. Eu estaba a regar as miñas plantas e a auga empezou a filtrarse ata caerlle ao veciño de abaixo, que gritou: «Fillo de puta!». Eu respondílle: «Por que me insultas?». E el respondeu: «Por que me está caendo a

auga?» Decateime de que tiña acento de palestino e díxenlle o que un non debería dicirle nunca a un palestino. Quería ferilo o máis posíbel e díxenlle o peor que podía dicirle, as palabras que se oen no filme.

Lamenta o que dixos? Dixer o correcto! Desenvolvín un truco para insultar á xente perfectamente. É coma se, co tempo, aprendese a insultar á xente da maneira en que máis pode doerlles. A miña noiva por aquela época [agora esposa e coguionista, Joëlle Touma] dixo: «Como podes dicirle iso a un palestino?». Total, que baixei a ver o tipo que estaba a limpar a rúa e díxenlle que o lamentaba. Nin sequera podía mirarme aos ollos; estaba moi, moi doído.

Logo leva a trama da rúa ao xulgado. Por que se decantou por un drama xudicial? Pensei que encaixaba na historia. A idea de facer un drama xudicial veume rapidamente tomando notas. Ademais, miña nai é avogada. Ten 80 anos e aínda hoxe vai ao seu despacho todos os días. Dous tíos meus traballan no Tribunal Supremo, onde hai xuíces de gran envergadura, así que todo ese aparato legal resúltame moi familiar. Empecei a comprar DVDs para ver como facían outros para lograr grandes filmes como *O veredicto* [Jan Verheyen, 2014]. O filme non é sobre un proceso; o proceso é só un medio para ir do punto A ao momento B. Toni e Yasser, dúas persoas sinxelas de clase media, teñen moita dignidade e, tamén, unha ferida

grave. Durante o xuízo van curándose. Iso é. Podería ser nun tribunal, podería ser nunha viaxe en caravana, o que fose, porque *O insulto* vai dun conflito interior, non do conflito exterior.

Hai un descargo de responsabilidade ao principio da película no que se afirma que o filme non defende o punto de vista do goberno libanés.

Eu non escribín ese descargo. Hai dous meses, presentamos o filme á oficina da censura. Eu estaba moi nervioso. En Occidente non hai problema cando un fai filmes así pero para un libanés non é fácil; é un asunto delicado. Non vivimos baixo unha democracia aínda. Eu estaba sentado aí, mordendo as unllas porque o filme podería ser prohibido en Beirut. Xa me impediron difundir o meu anterior traballo, *O atentado*, e non quería volver vivir aquel pesadelo novamente. A negociación ao redor da película durou dous meses. Ao final, despois de moita manobra a porta pechada, o goberno dixo: Ímosche dar luz verde pero, por favor, di que non es responsábel.

Publicado en www.cineuropa.org
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

Faite
NUMAX!